

**DECRETO DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** Convocatoria para selección con carácter laboral temporal de persoal do Programa “Aprol Rural 2021”( 1 Peón forestal).

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de **1 Peón forestal**, ao abeiro do Programa “Aprol Rural 2021”, orde do 12 de abril de 2021, da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG nº 73, de 20/04/2021).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 9 de xullo de 2021,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

**Presidenta:** Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregada Pública do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.

**Secretaria:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregada Pública do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Julio González Casanova, Empregado Público do Concello de Friol.

**Vogais:**

1º Titular: D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada Pública do Concello de Baralla.

2º Titular: D. Manolo Prado López, Empregado Público do Concello de Rábade.

Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada Pública do Concello de Lancara.

3º Titular: D. Jose Ángel Balseiro Amido, Empregado Público do Concello de Rábade.

Suplente: Dna. Ana Sampedro Millares, Empregada Pública do Concello de Castroverde.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro venres, día 23 de xullo de 2021 ás 10:45 horas na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria de Begonte (Praza Irmáns Souto Montenegro), para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica escrita.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da proba teórica (peón forestal), no seguinte horario:

- 11:00 h. na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria de Begonte.



\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente.

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.

